

1.- Natureza, Home e Sociedade no Pensamento Grego: PLATÓN

- O problema da Fisis (Natureza) no Pensamento Grego
- Distintas solucións á cuestión da Fisis: Presocráticos e Platón
- A reflexión antropolóxica e ética: Sofistas e Sócrates
- **Platón**
- Influencias e plantexamento da Filosofía Platónica
- Interpretación da realidade: Teoría das Ideas
- Interpretación da Fisis. A Cosmoloxía
- Antropoloxía. A Alma
- Ética e política

1. O problema da Fisis (Natureza) no pensamento grego

Pódese considerar a orixe da Filosofía como a substitución das explicacións míticas pola explicación racional (o que os gregos denominaban *logos*) feito que sucedeu en Grecia ó redor do s. VI a.C. Estas explicacións racionais sobre o conxunto da realidade referíanse fundamentalmente á análise do que constitúe a Natureza ou Fisis das cousas.

Etimoloxicamente, Natureza provén do verbo latino *natus sum* que significa nacer ou enxendrase, e que ten un significado semellante ó verbo grego *fi ein* de onde vén a palabra Fisis. Así pois, a Natureza ou Fisis é aquilo no que consisten as cousas, a súa esencia, e considérase como:

- Orixe de onde proceden as cousas e as súas manifestacións
- Substrato ó que poden reducirse tódalas cousas
- Causa como determinante dos cambios das mesmas cousas

Así pois, a Natureza ten un carácter dinámico que pode explicar a pluralidade de seres e as súas distintas manifestacións. Precisamente, para Aristóteles a Natureza ou Fisis era aquilo de onde procedían tódalas cousas e a onde regresaban cando se corrompían.

Unha profundización no concepto da Fisis é o *Arkhé* que vén a ser o principio ou principios últimos ou máis primitivos de onde proceden tódalas cousas.

As primeiras respostas máis ou menos sistemáticas á cuestión da Fisis ou do *Arkhé* constitúen a orixe da Filosofía, e foron dadas polos chamados **Presocráticos**.

- **Distintas solucións á cuestión da Fisis: Presocráticos e Platón**

Presocráticos (Anteriores a Sócrates)

Para Aristóteles eran considerados *Físicos* ou *Fisiólogos* por dedicarse ó estudio da Fisis, aínda que tamén son considerados os primeiros filósofos, tanto pola radicalidade da súa pregunta (polo *Arkhé*) como polas contestacións que van tendo un carácter inmaterialista ou metafísico.

- **Monistas Materialistas**: Para eles existe un único principio material.
- **Tales de Mileto**: O *Arkhé* era a *auga*

- **Anaximandro:** O Arkhé era o *indeterminado*
- **Anaxímenes:** O Arkhé era o *aire* (neuma)

- **Os Pitagóricos**

Secta místico – relixiosa que crían na preexistencia e transmigración da alma por influencia do *Orfismo*, e que consideraban que debía purificarse co cultivo de certas actividades como a música ou as matemáticas.

Consideran que o Arkhé ou principio da realidade son os números, pois para eles os números son cousas porque as cousas son números, reducindo todo á cantidade e proporcionalidade. Neste sentido representan o primeiro intento de cuantificar a realidade (reducila cualidade a cantidade) iniciando esa liña de pensamento que ten unha das máximas expresións no s. XVII con *Galileo*: O libro do Universo está escrito en caracteres matemáticos.

- **Monistas Metafísicos**

Denomínanse así a Heráclito e Parménides porque crían que o **Arkhé** era un único principio, pero máis inmaterial ou abstracto que o dos milesios.

- Para **Heráclito** o principio é o cambio ou devir (chegar a ser) que representa metaforicamente co lume.

Nada é estático senón que todo está transformándose constantemente: Todo corre, todo flúe; Non nos bañamos dúas veces no mesmo río.

A transformación da realidade faise por oposición de contrarios (amor – odio, guerra – paz...) pero seguindo unha **Lei da Razón** ou **Logos**. Neste sentido Heráclito considérase precursor das interpretacións dialectais da realidade e das interpretacións deterministas.

- **Parménides** de maneira semellante a Heráclito, fai a distinción entre a Razón e os Sentidos:

- A **Razón** é unha vía de Verdade
- Os **sentidos** son vías de opinión

Pero a diferenza de Heráclito, a razón leva á conclusión de que a realidade non cambia (os cambios son só aparentes)

Para Parménides, pois, só existe unha única realidade como conxunto de todo canto hai que é o **SER**. O ser é absoluto, inmóbil e eterno: O ser é, o non ser non é.

Ó identificar a realidade co ser nun sentido xeral non é posible o cambio ou movemento pois este sempre seguiu o paso do non ser ó ser; pero como o non ser é a nada, da nada nada pode ser.

- **Os pluralistas** (Varios Principios)

- **Empédocles:** Hai catro principios ou raíces de tódalas cousas: *auga, aire, terra e lume*. Os distintos seres resultan da distinta proporción destes catro elementos.
- **Anaxágoras:** Xustifica o cambio co presuposto de *Hai de todo en tódalas cousas. Desenrolouse soamente unha en cada caso.*

O Arkhé son as semillas ou razóns seminais que chama homeomerías.

Fala tamén da existencia dunha Mente ou Intelixencia Superior que chama Nus aínda que non ten ningunha relación co Cosmos.

- **Demócrito:** Pertence ós chamados Atomistas pois cree que o arkhé son uns seres infinitos e infinitamente pequenos, iguais e con movemento no vacío que chama Átomos.

Tódolos seres resultan da combinación deses átomos que se moven en torbellino no vacío e sen ningunha lei nin determinación: Todo canto hai é resultado do azar e da necesidade. Coa inclusión do concepto de vacío fai posible xustifica-lo cambio ou movemento. Pero ó mesmo tempo vai a ser criticado sobre todo por Platón, porque según este presuposto toda a organización do cosmos tiña que provir do desorde azaroso dos átomos.

As teorías de Demócrito poden considerarse precursoras das Interpretacións Materialistas – Mecanicistas e incluso Indeterministas.

3.– A Reflexión Antropolóxica e Ética:

Sofistas e Sócrates

Aínda que nos Presocráticos hai algunhas consideracións sobre o ser humano e a conducta considérase que foron os **Sofistas** (s. V a.C.) e **Sócrates** quen propiamente comezaron o cambio de orientación no Pensamento Filosófico.

Os Sofistas (moi sabios como vanidosamente se autodenominaban) foron unha serie de pensadores situados entorno ó contexto político da democracia ateniense, que centraron a súa reflexión sobre cuestión morais do coñecemento e incluso adicados á ensinanza da retórica e oratoria para quenes querían participar activamente na política.

Por outra parte son herdeiros da tradición filosófica anterior dos Presocráticos que coa multiplicidade de respostas sobre a Fís e incluso o plantexamento indeterminista de Demócrito, fai abandonar a investigación sobre a Natureza e centrarse no máis próximo e inmediato que era o propio individuo e a sociedade.

En síntese, os Sofistas poden caracterizarse por:

- **Relativismo.** Non hai verdade absoluta senón que depende das circunstancias.

–Protágoras: *O home é a medida de tódalas cousas*

- **Escepticismo.** Imposibilidade de coñecemento da verdade.

–Gorgias: *Non existe a verdade. Aínda que existira non podería ser coñecida. E aínda que fose coñecida non podería ser comunicada*

- **Teoría da Convencionalidade.** Con ela sintetízase o pensamento Sofístico, baseada na distinción entre Fís como o Natural e Nomos como o convencional ou artificial.

Para os Sofistas as leis non son dictadas polos deuses nin inmanentes ó Universo (O Logos de Heráclito) senón que son produto dun acordo ou convención humanos.

Pero tamén os principios éticos (o ben e o mal; o xusto e o inxusto...) son produto dun convencionalismo humano, e non existen de maneira absoluta.

Este Relativismo Moral vai a ser criticado inmediatamente despois por Sócrates e Platón.

- **Sócrates e o Intelectualismo Moral**

Sócrates sitúase non contexto cultural e filosófico dos Sofistas (finais do s. V a.C.) pero diferénciase claramente destes na cuestión do método e sobre todo na ética.

- En canto ó método e en oposición á oratoria e retórica dos Sofistas propón o Diálogo (Maiéutica) coma un arte de *preguntas e respostas* para chegar á *verdade*.

Tamén en canto ó método considera que non hai posibilidade de un verdadeiro coñecemento nin sequera do diálogo se non hai definicións dos conceptos a tratar.

Precisamente por esto considera que se pode chegar ós conceptos por medio da **Inducción** (do particular ó xeral) e ademais pódese facer unha definición.

- Así pois, respecto á cuestión ética, para Sócrates os conceptos éticos (ex. Xustiza, covardía ou valor) son fixos e absolutos podendo ser definidos.

A teoría ética de Sócrates coñécese co nome de **Intelectualismo Moral**, e aínda que non chegou a concretar en que consiste claramente o ben vai a identificalo co coñecemento ou a sabedoría. O Intelectualismo Moral vén a ser, pois, a identificación entre razón ou coñecemento = virtude = felicidade; é dicir, que o sabio sabe o que ten que facer e polo tanto é feliz. A consecuencia de esto é que ninguén obra mal a sabendas.

O Intelectualismo Moral vai a estar presente con distintos matices en todo o pensamento grego Clásico, de Platón e Aristóteles ata o Helenismo (co concepto do Ideal do Sabio)

4.- Platón

- Vida e obras

Era ateniense (s. V – IV a. C.) de familia nobre e participou activamente en política. Por distintas circunstancias, abandona esta, e de regreso a Atenas funda a **Academia** (en honor do Deus Acedemos), onde se ensinaba e discutía sobre diversas cuestións: da Fisis, do Coñecemento e sobre todo de política.

As obras son os **Diálogos** que son escritos en forma dialogada seguindo o método Socrático e nos que Sócrates é o principal interlocutor.

Precisamente por esto pola súa riqueza literaria e sobre todo porque presentan unha estrutura cerrada (resólvese dunha maneira un tema que pode ser diferente a outro diálogo: a resolución) fan que sexa difícil establecer unha liña común ou uniforme en toda a filosofía platónica, a non ser a búsqueda de algo transcendente absoluto e eterno (**as Ideas**).

Unha das clasificacións posibles é a seguinte:

- **1ª Época: De Influencia Socrática**

- *Apología de Sócrates* : loubanza hacia a figura de Sócrates
- *Laques* : o valor
- *Hippias* : sobre a beleza

- **2ª época: De transición e madurez**

- *Banquete* : sobre o amor

- *Fedón* : sobre a inmortalidade da auga
- *Fedro* : sobre a virtude
- *Menón* : sobre a virtude e o coñecemento
- ***República* : sobre a xustiza**

• **3ª época: De crítica**

- *Parménides* : autocrítica á Teoría das Ideas
- *Sofista* : nova formulación da Teoría das Ideas

• **4ª época: De vellez**

- *Teétes* : sobre o coñecemento
- *Timeo* : sobre o cosmos
- *Leis* : organización política

4.1.– Contexto e Plantexamento da Filosofía Platónica

Platón sitúase no contexto histórico – cultural da decadencia e a perda do poder hexemónico de Atenas respecto a Esparta con tódalas causas e consecuencias disto a nivel ético – político.

A nivel filosófico vai a ter certas influencias dos Presocráticos e de Sócrates:

- De **Heráclito e Parménides** considera o problema fundamental da Fisis coa oposición entre o *Ser* e o *Devir*, é dicir, entre a inmovilidade e o cambio.
- Dos **Pitagóricos** (posiblemente a través de **Arquitas de Tarento**) toma a idea da harmonía e proporcionalidade no Universo.
- Oponse radicalmente a **Demócrito** sobre todo no referente á causa da realidade, que para Platón non pode provir dun Caos Azaroso senón dunha Intelixencia Ordenadora que chama **Demiurgo**.
- Quen máis directamente influíu sobre el foi o seu mestre **Sócrates**, tanto no aspecto do método como no intento de superación do Relativismo Sofístico.

4.2.– Interpretación da Realidade: Teoría das Ideas

A Teoría das Ideas é o eixo fundamental do plantexamento platónico, coa que pretende solucionar cunha triple problemática, nun contexto de pensamento no que aínda non están claramente diferenciados aspectos ontolóxicos e gnoseolóxicos.

1.– **A cuestión ontolóxica** como búsqueda de algo perfecto e inamovible que xustifícase a imperfección e o cambio.

2.– **A cuestión gnoseolóxica** como búsqueda e necesidade duns conceptos universais que fagan posible o coñecemento

3.– **A cuestión ético – política** como necesidade duns valores fixos que orienten a conducta dos cidadáns e sobre todo dos gobernantes.

Con estes presupostos Platón sempre considerou indudable e necesaria a existencia da perfección, que no sentido xeral vai identificar coas Ideas.

O termo de Idea provén do grego Eidos que significa *forma*, *esencia* ou *aspecto*, podendo interpretarse, pois, como a forma esencial de tódalas cousas, ou modelo perfecto que estas imitan.

As Ideas son, pois, verdadeiras realidades inmutables (con certa mobilidade no Sofista) independentes que representan a percepción absoluta de todo e constitúen unha realidade distinta do mundo das cousas que é o Mundo das Ideas.

As Ideas teñen, pois, máis valor ontolóxico que as propias cousas ó ser modelos e arquetipos de todo (por exemplo existen cousas xustas ou brancas porque existe a xustiza ou a brancura).

A Teoría das Ideas nunca foi abandonada por Platón, aínda que ten distintas formulacións segundo os diálogos:

- Na 1ª época non formula explicitamente a teoría pero reconece a existencia de certas cualidades xerais, por exemplo o valor ou a beleza.
- Na época de Madurez, xa formula explicitamente a Teoría, sobre todo a partir do *Fedro*.
- Na *República* aparece un claro dualismo entre os Mundo das Cousas ou Mundo Sensible e o Mundo das Ideas ou Mundo Intelixible.

Tamén fai a xerarquización das Ideas, sendo a superior a Idea de Ben, que compara co Sol no Mundo das Cousas, pois este coa luz e o calor fai posible a visión e a vida, o Ben fai posible todo: o coñecemento e a realidade.

- No *Parménides* faise unha autocrítica á Teoría das Ideas como modelos, pois neste caso tería que haber modelos de tódalas cousas (ex. A suciedade)

Tamén aquí plantéxase a cuestión da relación entre as cousas e os modelos: imitación ou participación, sendo problemáticas ambas, aínda que parece optar pola primeira.

- No *Sofista* reinterpreta a Teoría, considerando as Ideas dunha maneira máis abstracta, como xéneros supremos universais:

Identidade – Diversidade

Movemento – Quietude

Ser – Non ser

- No *Tímeo* considera as Ideas como o modelo que ten o Demiurgo para organizar a realidade Sensible.

Con certa influencia do Pitagorismo, tamén se refire ás ideas como entidades matemáticas que representa tamén unha perfección absoluta ademais de ser harmónica e proporcional.

En definitiva, as Ideas son para Platón o modelo e a perfección absoluta, tanto a nivel das cousas sensibles como modelos matemáticos ou valores perfectos, ós que tende ou debe tender a realidade, sendo pois, a verdadeira finalidade desta, interpretación que se denomina Teoloxismo Transcendente.

• O MITO DA CAVERNA

Aínda que para algúns a filosofía de Platón é Pluralista, en xeral a interpretación máis común é considerala dualista pola clara diferenciación que fai entre dous tipos de realidade e dous tipos de coñecemento (Ontoloxía e Gnoseoloxía) tendo en conta que para Platón están intimamente relacionados. Este dualismo que vai a ser constante en case todo o seu pensamento plantéxao claramente nun relato mítico na *República*, que se chama

O Mito da Caverna:

Describe unha situación dun *antro subterráneo* (a Caverna) que só ten unha *apertura ó exterior* por onde entra a luz dun lume que hai fóra.

No interior da cova hai uns *prisioneiros sentados de costas á entrada* que ven reflexadas na parede de en fronte as *sombras de todas cantas cousas pasan polo exterior*.

Para os prisioneiros, esas sombras, incluso con sons, *constitúen a única e verdadeira realidade*.

Se un prisioneiro se liberase das cadeas e *saíse ó exterior* en principio non podería contemplar as cousas porque a luz cegaría; pero paulatinamente *iríase acostumando e chegaría a poder mirar ó sol*.

Se volvese á cova e lles explicase ós antigos compañeiros o que realmente sucede como que a realidade verdadeira está fóra e que eles non ven máis que sombras, *non o crerían e incluso estarían dispostos de matalo*.

• SIGNIFICADO DO MITO

O mundo ou a realidade exterior á caverna representa o **Mundo das Idea ou Mundo Intelixible**, que é polo tanto a verdadeira realidade.

O mundo da caverna ou a realidade da caverna representa o **Mundo das Cousas ou Mundo Sensible** que é, en certo sentido, falso por ser soamente a imaxe da verdadeira realidade.

A saída ó exterior dun dos prisioneiros representa a posibilidade de cada individuo e, sobre todo, do filósofo, de acadar a verdadeira realidade e o verdadeiro coñecemento, tarefa que supón sempre o esforzo de prescindir das apariencias.

A volta á caverna ten o sentido da labor práctica da filosofía e do filósofo que debe **transmitir o seu coñecemento** sempre coa finalidade pública da virtude e o equilibrio social.

A alusión á posibilidade do homicidio ou asasinato do prisioneiro que saíra ó exterior refírese, posiblemente, **á condena a morte de Sócrates** por un tribunal ateniense e que Platón consideraba absolutamente inxusta por ser precisamente Sócrates o exemplo de filósofo descubridor e predicador da verdade.

O dualismo do *Mito da Caverna* vai a repetirse tamén, sobre todo a nivel epistemolóxico (ou gnoseolóxico) coa alegoría da *Liña divide en segmentos*.

4.3.– A Fisis en Platón. A Cosmoloxía

Aínda que nos primeiros diálogos e incluso na madurez non se dedica Platón fundamentalmente ó tema da Fisis senón máis ben a cuestións gnoseolóxicas, éticas e políticas, non abandona a reflexión sobre a Natureza ou a Fisis á que xa na época de vellez lle vai dedicar un dos diálogos máis profundos e complexos que é o **Tímeo**.

O *Tímeo* parece ter un interlocutor oculto que é Demócrito, pois a interpretación da Fisis en Platón está en radical oposición ó atomismo de Demócrito, sobre todo por dúas razóns fundamentais:

- O mundo como Cosmos non pode provir dun Caos Azaroso ou Indeterminado que propoñía Demócrito senón dunha Intelixencia Ordenadora que chama Demiurgo.
- A realidade non se pode explicar por causas eficientes e puramente mecánicas (**Mecanicismo**) senón

fundamentalmente por causas finais, pois sempre tende a unha finalidade como perfección (**Teleoloxismo**)

Na constitución do Cosmos, Platón fai intervir polo menos catro elementos:

- As Ideas como modelos ou paradigmas perfectos, eternas e subsistentes, que constitúen a Realidade Superior.
- Unha materia preexistente e eterna que ás veces identifica co espazo como unha especie de vacío.
- Os Números Ideais que ocupan unha posición intermedia entre as Ideas e as cousas
- O Demiurgo, como Intelixencia Ordenadora desa materia e seguindo o modelo das Ideas. Este concepto do Demiurgo pode ter certos antecedentes no Nus de Anaxágoras, pero con unha intervención directa no Cosmos. Sendo o Demiurgo bo e perfecto, copiará o modelo perfecto (as Ideas) co que o mundo será o mellor dos mundos posibles.

Aínda que a interpretación ontolóxica de Platón é xeralmente dualista para algúns a súa interpretación Cosmolóxica é Pluralista por tres razóns:

- Porque existen eses catro elementos na Constitución do Cosmos
- Porque hai unha xerarquización dos seres a partir das Ideas perfectas ata as cousas sensibles pasando pola Alma do Mundo e os Números Ideais.
- Pola propia existencia dos Números Ideais como proporcións matemática perfectas, seguindo certa influencia do Pitagorismo a través de Arquitas de Tarento.

Este intento de redución ou identificación da estrutura do mundo coa proporcionalidade matemática leva a Platón, a través do seu discípulo Taetetes, a identificar os catro elementos primarios con poliedros regulares:

- O *lume* coa pirámide
- A *terra* co cubo
- O *aire* co octaedro
- A *auga* co icosaedro

O conxunto do Universo estaría representado pola esfera que representaría a perfección xeométrica ideal, pois a composición material do Cosmos determina que esa esfera sexa soamente como modelo de perfección.

Esta interpretación harmónico e matemática do Universo, vai a ter influencia e continuidade na Filosofía e na ciencia posterior, con unha manifestación clara na Época Moderna (s. XVI e XVII) con Galileo: *O libro do Universo está escrito en caracteres matemáticos; as súas letras son triángulos, círculos e outras figuras xeométricas... e debe aprender esa linguaxe quen queira saber algo del*

4.4. – Antropoloxía: A Alma

4.4.1 – Noción de Alma

O concepto de alma en Grecia denomínase Psiqué que vén a significar algo inmaterial ou espiritual, propio dos seres vivos e fundamentalmente dos seres humanos.

En xeral para tódolos filósofos gregos é indudable a existencia da alma como psique incluso para pensadores materialistas como Demócrito, que consideraba a alma composta de átomos materiais aínda que máis sutís que os do corpo.

Hai 2 grandes interpretacións da alma no pensamento grego:

- A de Platón que considera a alma como distinta do corpo e inmortal, orixe do coñecemento superior

ou racional.

- A de Aristóteles que a considera principio de vida, unida a un corpo (composto hilemórfico) e cuxa inmortalidade é dificilmente demostrable.

4.4.2.– Orixe e Natureza

Platón trata o tema da alma en numerosos diálogos, e sobre todo no Fedón, Fedro República e Tímeo, polo que hai incluso diferentes interpretacións do tema. Sen embargo en todos eles o denominador común é considerar a alma como algo inmaterial, totalmente distinta do corpo, inmortal e pertencente a unha realidade distinta: O Mundo das Ideas.

Sen especificar o motivo concreto explica ás veces que a alma procede dese mundo das Ideas e por unha culpa foi expulsada del debendo unirse a un corpo. Nesa unión debe buscar a purificación (**Catarsis**) para voltar novamente ó mundo da perfección. En caso de non purificarse deberá pasar a outros corpos, o que constitúe a **transmigración** da alma.

Con todo, e aínda de novo no mundo das Ideas non permanecerá así eternamente senón que ó cabo dun tempo volverá a unirse a un corpo elixindo libremente o seu destino, pois como se relata no mito de Er de Panfidia na República: Os deuses son inocentes

Sendo por tanto a alma de natureza distinta do corpo, a súa unión con este é accidental e antinatural de **xustaposición** (coma do mariñeiro e a embarcación ou o cabaleiro e o cabalo)

4.4.3.– Partes da Alma

Non hai tampouco unha descrición definitiva e uniforme segundo os diálogos de si hai unha alma con tres partes ou hai tres almas distintas, aínda que parece inclinarse por esta última posibilidade.

A división da alma responde a un intento de explicar os fundamentos da conducta que se pode chamar **Racional e Irracional** e que ás veces se contraponen.

- No Fedro describe a división da alma como as funcións que realizan nun carro alado (con alas) o **Auriga** (conductor) e os dous cabalos que tiran del: O cabalo branco e nobre correspondería ó que chama **alma irascible**, que debe resistir con fortaleza os envistes do cabalo negro e rebelde mentres que o auriga representa a **alma racional** que debe conducir con prudencia e equilibrio o carro, sometendo sobre todo as investidas do cabalo negro.
- Na República hai tamén unha clara división da alma con tres funcións que poden identificarse con tres almas distintas: racional, irascible e concupiscible.
- No Tímeo fai unha tripartición **psico-fisiolóxica da alma** atendendo ás diferentes funcións psíquicas e á súa localización fisiolóxica. Distingue entre:
 - **Alma Racional** (Función do *logos*) Está situada na **cabeza** e ten as funcións superiores do pensamento e o coñecemento racional; é a alma por antonomasia de natureza divina e inmortal debendo dirixir e controlar as funcións das outras dúas.
 - **Alma Irascible** (función *thimós*) Está situada no **tórax** coas funcións dos sentimentos e paixóns nobres (por exemplo a fortaleza)
 - **Alma Concupiscible** (función *epithimía*) Situada no **ventre**, ten as funcións dos desexos e tendencias relacionadas coa conservación do individuo e da especie (os chamados apetitos sensitivos) a parte do

pracer e a dor.

Esta tripartición das funcións anímicas responde ó intento de analizar as causas ou o fundamento dos aspectos racional e irracional do ser humano.

4.4.4.– Inmortalidade da Alma

Dunha maneira implícita ou explícita Platón está convencido da inmortalidade da alma e utiliza, sobre todo no Fedón, distintos argumentos para xustificar esa inmortalidade:

- **Pola sucesión de contrarios:** dado que os contrarios sucédense dialecticamente (como por exemplo o día á noite ou a paz á guerra) se á vida lle sucede a morte, á morte sucederalle a vida.
- **Pola natureza simple da alma,** sobre todo referida á alma racional; non tendo partes non pode corronperse polo que será inmortal.
- **Pola participación na Idea de Vida** que implica polo tanto a negación e non participación na Idea contraria (a morte)
- **Pola Reminiscencia,** argumento que relaciona a inmortalidade co coñecemento como recordo: dado que no coñecemento utilízanse conceptos universais que tiveron que ser coñecidos nunha existencia anterior (a contemplación das Ideas) a preexistencia da alma implica que existirá tamén despois do corpo, sendo polo tanto inmortal.

4.4.5.– O coñecemento

A parte de cuestións relixiosas ou místicas o desenrolo da antropoloxía platónica céntrase na cuestión do coñecemento, que é para moitos (Hegel) o fío conductor dese tema.

Precisamente a cuestión da inmortalidade da alma parece unha consecuencia do fundamento do coñecemento na **Reminiscencia (Anamnesis)** En xeral pode dicirse que para Platón coñecer é **recordar** ou ter presente os universais que a alma contemplou nunha existencia anterior (contemplación das Ideas)

Esta interpretación innatista do coñecemento ponse tamén de manifesto no *Menón* onde explica como un escravo sen cultura (o Menón) aprende con facilidade un teorema matemático (o teorema de Pitágoras) porque xa posúe as nocións matemáticas inscritas na razón.

No mesmo diálogo plantexa como todo coñecemento sempre parte de algo intuído ou coñecido, pois non se pode aprender o que se sabe nin o que non se sabe absolutamente: o primeiro porque xa se coñece e os segundo porque non se sabería que buscar.

A cuestión do coñecemento que vai intimamente relacionada coa ontoloxía (coa cuestión do ser) vai a ser tamén desenrolada na *República* por medio do Mito da Caverna ou da Alegoría da liña dividida en segmentos.

Segundo a **Alegoría da Liña** plantexa Platón dous grandes niveis do coñecemento que poden traducirse como **coñecemento sensible** ou *Doxa* e **coñecemento intelectual** (ciencia) ou *Episteme* (*Nus*)

- Dentro do **coñecemento sensible** hai á súa vez dous niveis:
 - **Imaxinación = EIKASÍA** que ten por obxecto as imaxes das realidades sensibles
 - **Crenza = PISTIS** que ten por obxecto as propias realidades sensibles
- No nivel do **coñecemento intelectual** hai á súa vez 2 niveis:
 - **Razoamento discursivo ou Dianoia** que se refire ós entes proporcionais e matemáticos. Para Platón

comprendía certas disciplinas como a aritmética, xeometría plana, xeometría do espacio, astronomía e música. É un nivel superior do coñecemento pois basease en principios xerais pero aínda non é o coñecemento perfecto por fundamentarse sempre en hipótese.

- **Intelixencia (dialéctica) ou Nus.** A intelixencia ou sabiduría é o grao superior do coñecemento que ten por obxecto as Ideas que representan a universalidade e a perfección conceptual de tódolos seres. Tamén pode denominarse **Dialéctica**.

En definitiva a **Alegoría da Liña** representa o escalonamento ou xerarquización dos graos de coñecemento, que algúns agrupan en tres partes (Sensible, Discursivo e Intelixencia ou Sabiduría)

4.4.6.– Dialéctica

Para Platón o concepto de dialéctica fai referencia ó arte do diálogo con antecedentes na maiéutica socrática que por induccións chegaba á definición e ós conceptos de cousas.

Precisamente nesa liña para Platón vai a ter tamén e sobre todo un matiz gnoseolóxico e ontolóxico dada a interrelación que existe entre ambas.

- No Mito da Caverna fai referencia á dialéctica como ese grao de coñecemento superior que partindo das percepcións sensibles chega ata as Ideas e ten dous momentos:
- **Ascendente** que consiste na superación do coñecemento sensible (**Doxa**) para chegar a comprender as verdadeiras esencia que son as Ideas, proceso que require o esforzo intelectual para supera-las apariencias. Representase metaforicamente pola saída do prisioneiro da Caverna que con esforzo pode contemplar as cousas de día e incluso á luz do sol.
- **Descendente** representado pola volta do prisioneiro á caverna que expresa a función práctica da filosofía e do coñecemento que debe ser utilizada polos cidadáns e polos gobernantes sobre todo para conducirse ben tanto privada como publicamente (xustiza)

En todo caso o coñecemento superior e o proceso de ascensión da dialéctica ten como primeiro esclavón as percepcións sensibles.

- No **Sofista** coa reinterpretación das Ideas como xéneros supremos universais (movemento – quietude, identidade – diversidade, ser – non ser) hai unha nova interpretación da dialéctica tanto ontolóxica como gnoseoloxicamente: as Ideas teñen unha estrutura dialéctica en canto que representan a súa identidade e a súa oposición (**contradicción**); a razón e dialéctica no sentido de que capta esas contradicións e as derivacións no proceso de análise (**diairesis**) e síntese das propias ideas.

Con esta interpretación parece abrir o camiño á lóxica de Aristóteles.

- No **Banquete** hai outra interpretación da dialéctica como o proceso ascensional de coñecemento e atracción do Eros (amor) hacia a beleza, que á súa vez completa o mesmo coñecemento, e faino posible.

En síntese a **Teoría do Coñecemento** de Platón, baseada no **innatismo das Ideas** fai unha valoración do coñecemento superior, racional respecto do sensible, aínda que esto teña certa importancia na orixe do proceso.

Aristóteles, sen embargo, vai a considerar o coñecemento sensible coma a orixe e fundamento de todo o proceso aínda que sexa novamente a razón (a través do entendemento axente e paciente) quen elabore o Universal (abstracción).

5.- Ética e Política

5.1.- Ética

5.1.1.- Dende os conceptos socráticos ás Ideas

Na liña de superación do Relativismo ético dos Sofistas, Sócrates chegou ás definicións dos conceptos éticos, é dicir, que os principios morais poden ser fixados nunha definición.

Platón, sen embargo, parece ir máis lonxe có seu mestre ó considerar que os principios éticos (o ben, a xustiza, o valor) non só poden ser definidos senón que existen como realidades independentes, subsistentes e eternas, en definitiva: como Ideas (o ben en si, a xustiza en si ou o valor en si)

5.1.2.- O Ben

O Ben é o concepto ou principio ético fundamental pois sintetiza a última valoración da conducta.

Na mesma liña da superación do Relativismo sofístico, Platón considera que o Ben existe como realidade independente e absoluta en si e en función da natureza humana:

- **O Ben absoluto**, que pode considerarse como a Idea do ben, realidade suprema na xerarquía das Ideas da *República*, cuio coñecemento ou contemplación (sabiduría) vai a posibilitar a felicidade e actuar ben tanto privada como publicamente.
- Existe tamén un **Ben en relación á propia Natureza ou Fisis humana**, que non consiste nun simple acordo ou convención, nin no pracer ou a lei do máis forte (Trasímaco, Sofista que dicía iso) senón no desenrolo da actividade máis propiamente humana que é a Alma e a función racional (logos) que debe coordinar as restantes actividades do individuo; en definitiva volve a ter relación co coñecemento e a sabiduría.

5.1.3.- A Virtude

En xeral considérase a Virtude (*aretê*) como a capacidade de exercer positivamente unha función.

Para Platón con certa ambigüidade segundo os diálogos e incluso seguindo a ambigüidade socrática hai alo menos tres nocións de Virtude:

- **Virtude como sabiduría**, na mesma liña do Intellectualismo Moral socrático, que identificaba o coñecemento coa virtude e coa felicidade. É unha das interpretacións máis comúns de Platón pois o coñecemento do Ben implica a boa conducta e a felicidade. Esta interpretación vai a ser seguida por Aristóteles dunha maneira máis mitigada, e chega incluso á Época Helenística co concepto do Ideal do Sabio.
- **Virtude como purificación (Catarsis)**: considérase a virtude como a purificación da alma que debe eliminar as impurezas que xurden da súa unión co corpo para tender á vida inmortal. Esa purificación debe levarse a cabo co exercicio da actividade superior que é a razón e o cultivo das disciplinas propias da razón discursiva e da dialéctica.
- **Virtude como harmonía. A Xustiza.**

É a interpretación máis común de Platón respecto da virtude que a identifica coa harmonía, que é en definitiva, a Xustiza.

Ten antecedentes no concepto de Xustiza (Diké) como equilibrio e proporción entre partes característico da Época Antigua Grega. Incluso a nivel máis concreto esta noción está presente en Anaximandro como unha

especie de equilibrio cósmico e incluso no concepto de Isonomía.

Neste sentido para Platón a xustiza consiste no equilibrio e harmonía entre as partes ou funcións da Alma Individual e entre os estamentos e funcións da sociedade.

- **A Alma Racional** (*logos*) correspóndelle a virtude da prudencia ou sabiduría para equilibrar e controlar as outras dúas funcións.
- **A Alma Irascible** correspóndelle a virtude da fortaleza ou o valor para superar as paixóns e tendencias incontroladas.
- **A Alma Concupiscible** correspóndelle a virtude da templanza ou moderación coa que temperar as tendencias e instintos desa alma.

Cando en cada individuo existen esas 3 virtudes e sexan equilibradas e moderadas pola prudencia e a sabedoría, existe tamén no individuo unha harmonía e equilibrio interior que é no que consiste a **xustiza**.

Precisamente o tema da República vai a ser o demostrar que o individuo e a sociedade xustos son máis felices que o individuo e a sociedade inxustos.

Tamén na República vaise establecer ese paralelismo entre os estamentos da sociedade coas súas virtudes e as facultades ou funcións da alma individual.

XUSTIZA

Os **gobernantes** como parte racional da sociedade corresponderalles a virtude da prudencia; **ós guerreiros ou gardiáns**, a fortaleza; **ós traballadores**, templanza.

Cando se den esas tres virtudes nunha sociedade haberá tamén unha situación de equilibrio e harmonía que será a Xustiza, en total reciprocidade coa Xustiza Individual.

Así pois, para Platón a Xustiza non só é o resultado da existencia das outras senón a virtude máis importante, que vai a posibilitar a felicidade individual e social.

Aristóteles continúa, en parte, co concepto de Xustiza como harmonía, sobre todo referido á xustiza como virtude moral. Pero matiza e precisa máis os conceptos, fundamentalmente, no aspecto social da xustiza, distinguindo entre **xustiza conmutativa, distributiva e legal**; esta última identifícase coa lei, e considérase a suprema manifestación da xustiza, que vincula definitivamente individuo e sociedade.

5.2.– A Política

Posiblemente a preocupación fundamental de Platón (e de Sócrates) fóra a cuestión ético – política, dada a vinculación que existe entre ámbalas dúas, preocupación que é debida en parte á perda do poder hexemónico de Atenas respecto a Esparta que Platón atribuíu á incapacidade de gobernantes e goberno é o Relativismo Ético dos Sofistas.

Ese Relativismo Ético fora tratado de superar por Sócrates na liña da fundamentación dos conceptos a través da Inducción e posterior definición (os principios éticos posúen un concepto e poden ser definidos)

A aspiración de Platón vai a ir máis alá, chegando á convicción de que os principios éticos teñen unha validez absoluta, son independentes, eternos e subsistentes; **transforma os conceptos de Sócrates en Ideas**.

Nesa liña trata de buscar cal sería a sociedade Ideal e xusta que proporcionase xustiza e felicidade ós cidadáns. A esta tarefa dedica o diálogo a *República* como unha especie de utopía política na que describe os

elementos esenciais dunha sociedade Ideal coas súas funcións e virtudes, de maneira paralela ás funcións e virtudes de cada individuo.

Así, nesa sociedade Ideal debe existir:

- Un estamento de **productores** ou **traballadores**, encargados de satisfacer as necesidades propias e alleas, nos que prima o desexo fronte a razón. Deben posuír como virtude a templanza ou moderación (*eukrateia*)
- Un estamento que teña como finalidade a defensa desa sociedade das agresións posibles do exterior, que serían os **gardiáns** ou **guerreiros**. Estes xa pertencerían a un nivel superior, e a virtude correspondente sería a fortaleza ou o valor (*andreia*)
- Tamén é necesaria e fundamental a existencia dun estamento que controle e coordine tódalas funcións sociais representando a parte racional da sociedade, que son os **maxistrados** ou **gobernantes**, e cúa virtude debe ser a prudencia ou sabiduría (*fronesis*)

Os gobernantes e defensores son os gardiáns da sociedade en distintos niveis. Para chegar a eso deben someterse a unha rigurosa educación (*paideia*): para os guerreiros as disciplinas propias do exercicio físico e a razón discursiva (matemáticas, astronomía e música) e os mellores entre estes serán elixidos para gobernantes, debendo cultivar a suprema sabiduría ou dialéctica. Serán os **gobernantes filósofos**. Según Platón a interpretación do *Filósofo gobernante*

Estes dous estamentos non posuirán nada propio, vivindo nunha especie de comunismo de bens e familia para dedicarse plenamente ó servizo da Polis.

A xustiza na sociedade será tamén o resultado da existencia das outras tres virtudes de cada estamento que determinará á súa vez a felicidade e benestar social.

A relación entre **individuo e sociedade** ou entre **ética e política** pode entenderse según Platón dende dúas perspectivas:

- Como un claro e riguroso paralelismo entre individuo e sociedade ou entre a ética e a política (antropoloxía ética e política) pois á división tripartita da alma ou das súas funcións correspóndese coa división tripartita da sociedade que deben posuír as mesmas virtudes.

A xustiza a nivel individual é semellante á xustiza a nivel social como resultado do equilibrio ou harmonía entre partes, (prudencia, fortaleza e templanza...)

- Dende outra perspectiva, como unha relación de dependencia ou inclusión do individuo respecto da Polis ou da ética respecto da política, fundamentalmente por 2 razóns:
 - Porque a conduta individual, determinación do que é a ética, vai a estar en función exclusivamente da situación do individuo na sociedade, é dicir, unha función do estamento ó que pertence. E esta pertenza non é por nacemento ou privilexio senón en función da Fisis ou Natureza de cada individuo. A pertenza ó estamento xeralmente ten carácter inamovible (*o máis perigoso é o cambio*) excepto nas clases superiores de que os mellores poidan chegar a ser gobernantes.
 - Porque en Platón, como en xeral en todo o contexto cultural grego, o individuo e a sociedade (a Polis) igual que a ética e a política están totalmente relacionados pero non pode concebirse ó individuo independente da Polis, porque é ante todo cidadán.

Esta relación de dependencia xa fora posta de manifesto como propia forma de vida por Sócrates, que acata a condena a morte antes que unha fuxida para cumprir as leis da cidade.

Para Aristóteles que continúa na mesma liña, o individuo é ante todo, cidadán (animal político) e as virtudes e a actitude ética do individuo están en función da cidade. Neste sentido pode considerarse a súa interpretación da xustiza legal (a lei) que considera a síntese de toda xustiza: a lei ordena facer actos xustos, por exemplo, ser valeroso no combate

O paralelismo entre individuo e sociedade, trasládalo Platón incluso ó paralelismo que hai entre as distintas características individuais e as formas de goberno. A partir da máis perfecta, Monarquía ou Aristocracia, van dexenerando (Timocracia, Oligarquía e Democracia) ata a Tiranía da mesma maneira que o individuo pode pasar dende a racionalidade ata o ambicioso, avaro ou tiranizado polas paixóns.

O **Ideal de Sociedade e goberno perfectos** da República no que os gobernantes filósofos dictaban as normas de conducta e organizaban o conxunto da sociedade, vai a ser substituído por unha interpretación máis realista no diálogo As Leis, onde a leis considéranse o valor supremo por encima dos propios gobernantes e á que deben someterse todos.

• **Formas de Goberno**

Na República establece unha especie de xerarquía nas formas de goberno dende a mellor é peor en semellanza á xerarquía dos diferentes tipos de personalidade ou psicolóxicos:

• **Monarquía ou aristocracia (Aristós: mellor)**

É o goberno dos mellores, é dicir, das mellores naturezas que son escollidos entre os guardiáns despois dun riguroso proceso de educación, coas disciplinas da razón discursiva e coa dialéctica. Representaría o Ideal platónico do Filósofo Gobernante.

• **Timocracia (Timós: honor ou gloria)**

É o goberno que xa non se guía exclusivamente pola racionalidade senón pola ambición do honor ou da gloria. Parece ser semellante ó tipo de goberno militar espartano.

• **Oligarquía (Oligos: pouco)**

É o goberno de uns poucos co fin exclusivo de enriquecerse paralelo ó propio tipo psicolóxico avaro.

• **democracia (Demos: pobo)**

O goberno do pobo que se revela contra os oligarcas. Podería ser un bo goberno segundo Platón, pero levaría ó caos e á confusión porque todos queren mandar e ríxese por cuestións inmediatas sin proxecto de futuro. Coa mala experiencia da Democracia Ateniese para Platón, este compáralo coa demagogia.

• **Tiranía**

O goberno do tirano, duns individuos ou un individuo que se aproveita do caos democrático para afacerse co poder sen importarlle para nada a sociedade senón o seu propio interese, que compara co individuo tiranizado polas paixóns.

CONCLUSIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A República, diálogo de madurez, é un dos diálogos máis representativos do pensamento platónico, é unha obra de utopía política na que Platón propón un sistema de Sociedade e de Goberno Ideal baseado na harmonía, no equilibrio e na xustiza, e que compara coas propias funcións psíquicas do individuo. Responde a

un proxecto unitario do pensamento con unha clara identificación entre antropoloxía, ética e política.

En xeral, o propio pensamento de Platón (polo tanto, a súa vida e obra) sitúase no contexto cultural e histórico da Democracia Ateniense e da perda do poder hexemónico de Atenas respecto a Esparta, de aí que a preocupación fundamental fose ético-política.

Ese proxecto de República ou sociedade estamental con nula ou escasa mobilidade (o máis perigoso é o cambio) foi criticado por algúns autores contemporáneos como **Farrington** por consideralo reaccionario, ou **Popper** que trataba a Platón como o inimigo da sociedade aberta.

Na **cuestión antropolóxica** pode considerarse precursor dos dualismos facendo fincapé na distinción e inmortalidade da alma que ten unha clara influencia sobre todo no Racionalismo. Neste mesmo aspecto en relación coa ética, as súas teorías están dalgunha maneira presentes no cristianismo (e polo tanto, en todo o pensamento occidental) a través do Neoplatonismo e de San Agustín.

Na **cuestión do coñecemento** tamén vai a ter unha influencia decisiva nas teorías Idealistas ou Innatistas que consideran que o proceso cognoscitivo parte sempre dalgúns contidos ou formas a priori innatas.

Na **Interpretación da Realidade** representa o primeiro gran sistema que se basa na existencia dunha percepción ideal como modelo ontolóxico (do ser), modelo de valores ou modelo matemático e unha finalidade (Teleoloxismo) hacia esa perfección.

Tamén nese aspecto pode considerarse precursor das interpretacións matemáticas da realidade (Galileo: o libro do Universo está escrito en caracteres matemáticos...)

A pesar da súa ambigüidade da imprecisión terminolóxica ou conceptual ou do diferente tratamento temático segundo os diálogos a Filosofía de Platón pode sintetizarse na cita de Rivaud: **Representa o esforzo por acadar o máis alá das aparencias mudables a inmutable realidade**

TERCEIRAS PREGUNTAS

- **O problema da Fisis (Natureza) no Pensamento grego: a solución Platónica**

O problema da Fisis (Natureza) no pensamento grego

Pódese considerar a orixe da Filosofía como a substitución das explicacións míticas pola explicación racional (o que os gregos denominaban *logos*) feito que sucedeu en Grecia ó redor do s. VI a.C. Estas explicacións racionais sobre o conxunto da realidade referíanse fundamentalmente á análise do que constitúe a Natureza ou Fisis das cousas.

Etimoloxicamente, Natureza provén do verbo latino *natus sum* que significa nacer ou enxendrase, e que ten un significado semellante ó verbo grego *fi ein* de onde vén a palabra Fisis. Así pois, a Natureza ou Fisis é aquilo no que consisten as cousas, a súa esencia, e considérase como:

- Orixe de onde proceden as cousas e as súas manifestacións
- Substrato ó que poden reducirse tódalas cousas
- Causa como determinante dos cambios desas mesmas cousas

Así pois, a Natureza ten un carácter dinámico que pode explicar a pluralidade de seres e as súas distintas manifestacións. Precisamente, para Aristóteles a Natureza ou Fisis era aquilo de onde procedían tódalas cousas e a onde regresaban cando se corrompían.

Unha profundización no concepto da Fisis é o *Arkhé* que vén a ser o principio ou principios últimos ou máis primitivos de onde proceden tódalas cousas.

As primeiras respostas máis ou menos sistemáticas á cuestión da Fisis ou do *Arkhé* constitúen a orixe da Filosofía, e foron dadas polos chamados **Presocráticos**.

Presocráticos (Anteriores a Sócrates)

Para Aristóteles eran considerados *Físicos* ou *Fisiólogos* por dedicarse ó estudio da Fisis, aínda que tamén son considerados os primeiros filósofos, tanto pola radicalidade da súa pregunta (polo *Arkhé*) como polas contestacións que van tendo un carácter inmaterialista ou metafísico.

- **Monistas Materialistas**: un único principio material.

- **Tales de Mileto**: a *auga*
- **Anaximandro**: o *indeterminado*
- **Anaxímenes**: o *aire* (neuma)

- **Os Pitagóricos**

Consideran que o *Arkhé* ou principio da realidade son os números, pois para eles os números son cousas porque as cousas son números, reducindo todo á cantidade e proporcionalidade. Primeiro intento de cuantificar a realidade (reducila cualidade a cantidade)

- **Monistas Metafísicos**

Denomínanse así a Heráclito e Parménides porque crían que o **Arkhé** era un único principio, pero máis inmaterial ou abstracto que o dos milesios.

- Para **Heráclito** o principio é o cambio ou devir : lume. Todo está transformándose constantemente: Todo corre, todo flúe A transformación da realidade faise por oposición de contrarios pero seguindo unha Lei da Razón ou Logos (precursor das interpretacións deterministas)
- **Parménides**: distinción entre a Razón (vía de verdade) e os Sentidos (vía de opinión)

A realidade non cambia (os cambios son só aparentes) Só existe unha única realidade como conxunto de todo canto hai que é o **SER**. O ser é absoluto, inmóbil e eterno. (O non ser é a nada, da nada nada pode ser.)

- **Os pluralistas** (Varios Principios)
- **Empédocles**: catro raíces: *auga, aire, terra e lume*. que se combinan entre sí
- **Anaxágoras**: *Hai de todo en tódalas cousas. Desenrolouse soamente unha en cada caso.*

O *Arkhé* son as semillas que chama homeomerías.

Fala tamén da existencia dunha Mente ou Intelixencia Superior que chama Nus aínda que non ten ningunha relación co Cosmos.

- **Demócrito**: Atomista :cree que o *arkhé* son os Átomos.

Tódolos seres resultan da combinación deses átomos: Todo canto hai é resultado do azar e da necesidade. As

teorías de Demócrito poden considerarse precursoras das Interpretacións Materialistas – Mecanicistas e incluso Indeterministas.

A Fisis en Platón. A Cosmoloxía

Platón non abandona a reflexión sobre a Natureza ou a Fisis á que xa na época de vellez lle vai dedicar un dos diálogos máis profundos e complexos que é o ***Tímeo***.

O *Tímeo* parece ter un interlocutor oculto que é Demócrito, pois a interpretación da Fisis en Platón está en radical oposición ó atomismo de Demócrito, sobre todo por dúas razóns fundamentais:

- O mundo como Cosmos non pode provir dun Caos Azaroso ou Indeterminado que propoñía Demócrito senón dunha Intelixencia Ordenadora que chama Demiurgo.
- A realidade non se pode explicar por causas eficientes e puramente mecánicas (**Mecanicismo**) senón fundamentalmente por causas finais, pois sempre tende a unha finalidade como perfección (**Teleoloxismo**)

Na constitución do Cosmos, Platón fai intervir alo menos catro elementos:

- As Ideas como modelos ou paradigmas perfectos, eternas e subsistentes, que constitúen a Realidade Superior.
- Unha materia preexistente e eterna que ás veces identifica co espazo como unha especie de vacío.
- Os Números Ideais que ocupan unha posición intermedia entre as Ideas e as cousas
- O Demiurgo, como Intelixencia Ordenadora desa materia e seguindo o modelo das Ideas. Este concepto do Demiurgo pode ter certos antecedentes no Nus de Anaxágoras, pero con unha intervención directa no Cosmos. Sendo o Demiurgo bo e perfecto, copiará o modelo perfecto (as Ideas) co que o mundo será o mellor dos mundos posibles.

Aínda que a interpretación ontolóxica de Platón é xeralmente dualista para algúns a súa interpretación Cosmolóxica é Pluralista por tres razóns:

- Porque existen eses catro elementos na Constitución do Cosmos
- Porque hai unha xerarquización dos seres a partir das Ideas perfectas ata as cousas sensibles pasando pola Alma do Mundo e os Números Ideais.
- Pola propia existencia dos Números Ideais como proporcións matemática perfectas, seguindo certa influencia do Pitagorismo a través de Arquitas de Tarento.

Este intento de redución ou identificación da estrutura do mundo coa proporcionalidade matemática leva a Platón, a través do seu discípulo Teetetes, a identificar os catro elementos primarios con poliedros regulares:

– O *lume* coa pirámide – o aire co octaedro

– A *terra* co cubo – a auga co icosaedro

O conxunto do Universo estaría representado pola esfera que representaría a perfección xeométrica ideal (a composición material do Cosmos determina que esa esfera sexa soamente como modelo de perfección)

Esta interpretación harmónico e matemática do Universo, vai a ter influencia e continuidade na Filosofía e na ciencia posterior, con unha manifestación clara na Época Moderna (s. XVI e XVII) con Galileo: *O libro do Universo está escrito en caracteres matemáticos; as súas letras son triángulos, círculos e outras figuras xeométricas... e debe aprender esa linguaxe quen queira saber algo del*

- Ética e política no Pensamento grego: a resposta Platónica.

Os Sofistas (moi sabios) foron unha serie de pensadores situados entornó ó contexto político da democracia ateniense, que centraron a súa reflexión sobre cuestión morais do coñecemento e incluso adicados á ensinanza da retórica e oratoria para aqueles que querían participar activamente na política.

Abandonan a investigación sobre a Natureza e centrarse no máis próximo e inmediato que era o propio individuo e a sociedade.

En síntese, os Sofistas poden caracterizarse por:

- **Relativismo.** Non hai verdade absoluta senón que depende das circunstancias. (Protágoras: *O home é a medida de todas as cousas*)
- **Escepticismo.** Imposibilidade de coñecemento da verdade. (Gorgias: Non existe a verdade. Aínda que existira non podería ser coñecida. E aínda que fose coñecida non podería ser comunicada)
- **Teoría da Convencionalidade.** Distinción entre Fisis como o Natural e Nomos como o convencional ou artificial. Para os Sofistas as leis son produto dun acordo ou convención humanos. Os principios éticos (o ben e o mal) son produto dun convencionalismo humano, e non existen de maneira absoluta. Este Relativismo Moral vai a ser criticado inmediatamente despois por Sócrates e Platón.

Sócrates e o Intelectualismo Moral

Sócrates sitúase non contexto cultural e filosófico dos Sofistas (finais do s. V a.C.) pero diferénciase claramente destes na cuestión do método e sobre todo na ética.

- En canto ó método e en oposición á oratoria e retórica dos Sofistas propón o Diálogo (Maiéutica) coma un arte de *preguntas e respostas* para chegar á *verdade*. Considera que non hai posibilidade de un verdadeiro coñecemento nin sequera do diálogo se non hai definicións dos conceptos a tratar. Precisamente por isto considera que se pode chegar ós conceptos por medio da **Inducción** (do particular ó xeral) e ademais pódese facer unha definición.
- Así pois, respecto á cuestión ética, para Sócrates os conceptos éticos (ex. Xustiza, covardía ou valor) son fixos e absolutos podendo ser definidos.

A teoría ética de Sócrates coñécese co nome de **Intelectualismo Moral**, vai a identificar o ben co coñecemento ou a sabedoría. O Intelectualismo Moral vén a ser, pois, a identificación entre razón ou coñecemento = virtude = felicidade; é dicir, que o sabio sabe o que ten que facer e polo tanto é feliz. A consecuencia de isto é que ninguén obra mal a sabendas.

O Intelectualismo Moral vai a estar presente con distintos matices en todo o pensamento grego Clásico, de Platón e Aristóteles ata o Helenismo (co concepto do Ideal do Sabio)

Dende os conceptos socráticos ás Ideas

Na liña de superación do Relativismo ético dos Sofistas, Sócrates chegou ás definicións dos conceptos éticos, é dicir, que os principios morais poden ser fixados nunha definición.

Platón, sen embargo, parece ir máis lonxe có seu mestre ó considerar que os principios éticos (o ben, a xustiza, o valor) non só poden ser definidos senón que existen como realidades independentes, subsistentes e eternas, en definitiva: como Ideas (o ben en si, a xustiza en si ou o valor en si)

O Ben

O Ben é o concepto ou principio ético fundamental pois sintetiza a última valoración da conducta. Na mesma liña da superación do Relativismo sofístico, Platón considera que o Ben existe como realidade independente e

absoluta en si e en función da natureza humana:

- **O Ben absoluto**, que pode considerarse como a Idea do ben, realidade suprema na xerarquía das Ideas da *República*, cuio coñecemento ou contemplación (sabiduría) vai a posibilitar a felicidade e actuar ben tanto privada como publicamente.
- Existe tamén un **Ben en relación á propia Natureza ou Fisis humana**, consiste no desenrolo da actividade máis propiamente humana que é a Alma e a función racional (logos) que debe coordinar as restantes actividades do individuo; en definitiva volve a ter relación co coñecemento e a sabiduría.

A relación entre **ética e política** pode entenderse según Platón dende dúas perspectivas:

- Como un claro e riguroso paralelismo entre a ética e a política (antropoloxía ética e política) pois á división tripartita da alma ou das súas funcións correspóndese coa división tripartita da sociedade que deben posuír as mesmas virtudes.

A xustiza a nivel individual é semellante á xustiza a nivel social como resultado do equilibrio ou harmonía entre partes, (prudencia, fortaleza e templanza...)

- Dende outra perspectiva, como unha relación de dependencia ou inclusión da ética respecto da política, fundamentalmente por 2 razóns:
 - Porque a conducta individual, determinación do que é a ética, vai a estar en función exclusivamente da situación do individuo na sociedade, é dicir, unha función do estamento ó que pertence. E esta pertenza non é por nacemento ou privilexio senón en función da Fisis ou Natureza de cada individuo. A pertenza ó estamento xeralmente ten carácter inamovible (*o máis perigoso é o cambio*) excepto nas clases superiores de que os mellores poidan chegar a ser gobernantes.
 - Porque en Platón, como en xeral en todo o contexto cultural grego, a ética e a política están totalmente relacionados pero non pode concebirse ó individuo independente da Polis, porque é ante todo cidadán.

Esta relación de dependencia xa fora posta de manifesto como propia forma de vida por Sócrates, que acata a condena a morte antes que unha fuxida para cumprir as leis da cidade. Para Aristóteles que continúa na mesma liña, o individuo é ante todo, cidadán (animal político) e as virtudes e a actitude ética do individuo están en función da cidade. Neste sentido pode considerarse a súa interpretación da xustiza legal (a lei) que considera a síntese de toda xustiza: a lei ordena facer actos xustos, por exemplo, ser valeroso no combate

O paralelismo entre individuo e sociedade, trasládalo Platón incluso ó paralelismo que hai entre as distintas características individuais e as formas de goberno. A partir da máis perfecta, Monarquía ou Aristocracia, van dexenerando (Timocracia, Oligarquía e Democracia) ata a Tiranía da mesma maneira que o individuo pode pasar dende a racionalidade ata o ambicioso, avaro ou tiranizado polas paixóns. **O Ideal de Sociedade e goberno perfectos** da *República* no que os gobernantes filósofos dictaban as normas de conducta e organizaban o conxunto da sociedade, vai a ser substituído por unha interpretación máis realista no diálogo *As Leis*, onde a leis considéranse o valor supremo por encima dos propios gobernantes e á que deben someterse todos.

Formas de Goberno

Na República establece unha especie de xerarquía nas formas de goberno dende a mellor é peor en semellanza á xerarquía dos diferentes tipos de personalidade ou psicolóxicos:

- **Monarquía ou aristocracia (Aristós: mellor):** É o goberno dos mellores, é dicir, das mellores naturezas que son escollidos entre os guardiáns despois dun riguroso proceso de educación, coas disciplinas da razón discursiva e coa dialéctica. Representaría o Ideal platónico do Filósofo

Gobernante.

- **Timocracia (Timós: honor ou gloria):** É o goberno que xa non se guía exclusivamente pola racionalidade senón pola ambición do honor ou da gloria. Parece ser semellante ó tipo de goberno militar espartano.
- **Oligarquía (Oligos: pouco):** É o goberno de uns poucos co fin exclusivo de enriquecerse paralelo ó propio tipo psicolóxico avaro.
- **democracia (Demos: pobo):** O goberno do pobo que se revela contra os oligarcas. Podería ser un bo goberno segundo Platón, pero levaría ó caos e á confusión porque todos queren mandar e ríxese por cuestións inmediatas sin proxecto de futuro. Coa mala experiencia da Democracia Ateniense para Platón, este compárao coa demagogia.
- **Tiranía:** O goberno do tirano, duns individuos ou un individuo que se aproveita do caos democrático para afacerse co poder sen importarlle para nada a sociedade senón o seu propio interés, que compara co individuo tiranizado polas paixóns.

• Home e sociedade no pensamento grego: a solución platónica.

Os Sofistas (moi sabios) foron unha serie de pensadores situados entorno ó contexto político da democracia ateniense, que centraron a súa reflexión sobre cuestión morais do coñecemento e incluso adicados á ensinanza da retórica e oratoria para quenes querían participar activamente na política.

Abandonan a investigación sobre a Natureza e centrarse no máis próximo e inmediato que era o propio individuo e a sociedade.

En síntese, os Sofistas poden caracterizarse por:

- **Relativismo.** Non hai verdade absoluta senón que depende das circunstancias. (Protágoras: *O home é a medida de tódalas cousas*)
- **Escepticismo.** Imposibilidade de coñecemento da verdade. (Gorgias: Non existe a verdade. Aínda que existira non podería ser coñecida. E aínda que fose coñecida non podería ser comunicada)
- **Teoría da Convencionalidade.** Distinción entre Fisis como o Natural e Nomos como o convencional ou artificial. Para os Sofistas as leis son produto dun acordo ou convención humanos. Os principios éticos (o ben e o mal) son produto dun convencionalismo humano, e non existen de maneira absoluta. Este Relativismo Moral vai a ser criticado inmediatamente despois por Sócrates e Platón.

Sócrates e o Intelectualismo Moral

Sócrates sitúase non contexto cultural e filosófico dos Sofistas (finais do s. V a.C.) pero diferénciase claramente destes na cuestión do método e sobre todo na ética.

- En canto ó método e en oposición á oratoria e retórica dos Sofistas propón o Diálogo (Maiéutica) coma un arte de *preguntas e respostas* para chegar á *verdade*. Considera que non hai posibilidade de un verdadeiro coñecemento nin sequera do diálogo se non hai definicións dos conceptos a tratar. Precisamente por isto considera que se pode chegar ós conceptos por medio da **Inducción** (do particular ó xeral) e ademais pódese facer unha definición.
- Así pois, respecto á cuestión ética, para Sócrates os conceptos éticos (ex. Xustiza, covardía ou valor) son fixos e absolutos podendo ser definidos.

A teoría ética de Sócrates coñécese co nome de Intelectualismo Moral, vai a identificar o ben co coñecemento ou a sabedoría. O Intelectualismo Moral vén a ser, pois, a identificación entre razón ou coñecemento = virtude = felicidade; é dicir, que o sabio sabe o que ten que facer e polo tanto é feliz. A consecuencia de isto é que ninguén obra mal a sabendas.

O Intelectualismo Moral vai a estar presente con distintos matices en todo o pensamento grego Clásico, de Platón e Aristóteles ata o Helenismo (co concepto do Ideal do Sabio)

Dende os conceptos socráticos ás Ideas

Na liña de superación do Relativismo ético dos Sofistas, Sócrates chegou ás definicións dos conceptos éticos, é dicir, que os principios morais poden ser fixados nunha definición.

Platón, sen embargo, parece ir máis lonxe có seu mestre ó considerar que os principios éticos (o ben, a xustiza, o valor) non só poden ser definidos senón que existen como realidades independentes, subsistentes e eternas, en definitiva: como Ideas (o ben en si, a xustiza en si ou o valor en si)

O Ben

O Ben é o concepto ou principio ético fundamental pois sintetiza a última valoración da conducta. Na mesma liña da superación do Relativismo sofístico, Platón considera que o Ben existe como realidade independente e absoluta en si e en función da natureza humana:

- **O Ben absoluto**, que pode considerarse como a Idea do ben, realidade suprema na xerarquía das Ideas da *República*, cuio coñecemento ou contemplación (sabiduría) vai a posibilitar a felicidade e actuar ben tanto privada como publicamente.
- Existe tamén un **Ben en relación á propia Natureza ou Fisis humana**, consiste no desenrolo da actividade máis propiamente humana que é a Alma e a función racional (logos) que debe coordinar as restantes actividades do individuo; en definitiva volve a ter relación co coñecemento e a sabiduría.

A relación entre **individuo e sociedade** pode entenderse según Platón dende dúas perspectivas:

- Como un claro e riguroso paralelismo entre o individuo e a sociedade pois á división tripartita da alma ou das súas funcións correspóndese coa división tripartita da sociedade que deben posuír as mesmas virtudes.

A xustiza a nivel individual é semellante á xustiza a nivel social como resultado do equilibrio ou harmonía entre partes, (prudencia, fortaleza e templanza...)

- Dende outra perspectiva, como unha relación de dependencia ou inclusión do individuo respecto da Polis, fundamentalmente por 2 razóns:
 - Porque a conducta individual, determinación do que é a ética, vai a estar en función exclusivamente da situación do individuo na sociedade, é dicir, unha función do estamento ó que pertence. E esta pertenza non é por nacemento ou privilexio senón en función da Fisis ou Natureza de cada individuo. A pertenza ó estamento xeralmente ten carácter inamovible (*o máis perigoso é o cambio*) excepto nas clases superiores de que os mellores poidan chegar a ser gobernantes.
 - Porque en Platón, como en xeral en todo o contexto cultural grego, o individuo e a sociedade están totalmente relacionados pero non pode concebirse ó individuo independente da Polis, porque é ante todo cidadán.

Esta relación de dependencia xa fora posta de manifesto como propia forma de vida por Sócrates, que acata a condena a morte antes que unha fuxida para cumprir as leis da cidade. Para Aristóteles que continúa na mesma liña, o individuo é ante todo, cidadán (animal político) e as virtudes e a actitude ética do individuo están en función da cidade. Neste sentido pode considerarse a súa interpretación da xustiza legal (a lei) que considera a síntese de toda xustiza: a lei ordena facer actos xustos, por exemplo, ser valeroso no combate

O paralelismo entre individuo e sociedade, trasládalo Platón incluso ó paralelismo que hai entre as distintas

características individuais e as formas de goberno. A partir da máis perfecta, Monarquía ou Aristocracia, van dexenerando (Timocracia, Oligarquía e Democracia) ata a Tiranía da mesma maneira que o individuo pode pasar dende a racionalidade ata o ambicioso, avaro ou tiranizado polas paixóns. O **Ideal de Sociedade e goberno perfectos** da República no que os gobernantes filósofos dictaban as normas de conducta e organizaban o conxunto da sociedade, vai a ser substituído por unha interpretación máis realista no diálogo As Leis, onde a leis considéranse o valor supremo por encima dos propios gobernantes e á que deben someterse todos.

Formas de Goberno

Na República establece unha especie de xerarquía nas formas de goberno dende a mellor é peor en semellanza á xerarquía dos diferentes tipos de personalidade ou psicolóxicos:

- **Monarquía ou Aristocracia (Aristós: mellor):** É o goberno dos mellores, é dicir, das mellores naturezas que son escollidos entre os gardiáns despois dun riguroso proceso de educación, coas disciplinas da razón discursiva e coa dialéctica. Representaría o Ideal platónico do Filósofo Gobernante.
- **Timocracia (Timós: honor ou gloria):** É o goberno que xa non se guía exclusivamente pola racionalidade senón pola ambición do honor ou da gloria. Parece ser semellante ó tipo de goberno militar espartano.
- **Oligarquía (Oligos: pouco):** É o goberno de uns poucos co fin exclusivo de enriquecerse paralelo ó propio tipo psicolóxico avaro.
- **Democracia (Demos: pobo):** O goberno do pobo que se revela contra os oligarcas. Podería ser un bo goberno segundo Platón, pero levaría ó caos e á confusión porque todos queren mandar e ríxese por cuestións inmediatas sin proxecto de futuro. Coa mala experiencia da Democracia Ateniense para Platón, este compárao coa demagoxia.
- **Tiranía:** O goberno do tirano, duns individuos ou un individuo que se aproveita do caos democrático para afacerse co poder sen importarlle para nada a sociedade senón o seu propio interés, que compara co individuo tiranizado polas paixóns.

1

30

•